

SE ES FUNCIONARIA DE CARREIRA OU EN PRÁCTICAS

SE ES DO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL (INTERINA, SUBSTITUTA)

### SE ESTABAS EN SITUACIÓN DE IT:

**Solicitar a alta ao teu médico ou médica con data do día do parto** (en caso de funcionarias de carreira, levar impreso o parte da páxina web de MUFACE, [preme aquí](#)).

**Solicitar o parte/certificado de maternidade ao teu médico/a** (en caso de funcionarias de carreira, levar impreso o parte da páxina web de MUFACE, [preme aquí](#)).

**Poñerte en contacto co centro** para facilitar o trámite da continuación do substituto/a.

**Rexistrar o/a bebé no Rexistro Civil e solicitar Libro de Familia** (en caso de matrimonios). Dende este ano xa se pode facer este trámite dende o hospital, cubrindo a correspondente folla que che facilitan no centro hospitalario.

**Solicitar o permiso de maternidade** cubrindo o ANEXO IV da Orde de permisos e licenzas; entregalo, xunto co certificado de maternidade ou libro de familia, por rexistro dirixido á unidade de persoal da provincia onde prestas servizos. [\(preme aquí\)](#)

**Ir á dirección provincial de MUFACE** da provincia onde prestas servizos para:

- solicitar a prestación de maternidade**, levando o parte de maternidade cuberto polo médico.
- Incluír, se así o decides, a/o bebé como beneficiario/a das prestacións de mutualista en MUFACE**

**Acudir ao centro de Atención e Información do INSS** máis próximo para solicitar a prestación por maternidade (leva o documento xa cuberto e acompañado de DNI, certificado de maternidade e libro de familia se o houber) [Preme aquí](#)